

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****PARLAMENTO DE GALICIA**

*RESOLUCIÓN do 22 de decembro de 2025 pola que se anuncia a convocatoria e as bases para a concesión de diversas bolsas de formación práctica.*

A Mesa do Parlamento de Galicia, na sesión do 15 de decembro de 2025, acordou aprobar as bases da convocatoria para a concesión das seguintes bolsas relacionadas coa actividade da institución:

1. Seis bolsas individuais para contribuír á formación en prácticas de persoas con titulación universitaria, nas seguintes modalidades:

- a) 2 bolsas de formación en comunicación institucional.
- b) 2 bolsas de formación en publicacións.
- c) 1 bolsa de formación en recursos humanos e contratación.
- d) 1 bolsa de formación en xestión parlamentaria.

2. Unha bolsa destinada a persoas con discapacidade intelectual igual ou superior ao 33 %, con titulación universitaria ou formación profesional, para contribuír á súa formación nas áreas de asistencia xeral e administrativas.

As bases estarán dispoñibles no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia ([www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)).

As solicitudes poderán presentarse no prazo de vinte días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente do Parlamento de Galicia

